

CIRCULAR INFORMATIVA PAU XEOGRAFÍA. CURSO 2024-2025

Dende o Grupo de Traballo de Xeografía das PAU queremos informar que se publicaron na web da CIUG unhas directrices que dan unha orientación xeral para a materia de 2º de bacharelato (<https://ciug.gal/gal/pau/xeografia>). Publicouse tamén o modelo de exame e una rúbrica e criterios de avaliación para o mesmo, ademais de dous esquemas (desenvolvidos con maior profundidade no documento de directrices) que fan referencia á estrutura do exame e a un resumo de contidos.

Tamén queremos informar que os exercicios prácticos propostos como materia de exame (https://ciug.gal/PDF/Grupos_Traballo_2025/direc_pau_xeografia.pdf) á hora de ser preguntados nas PAU, farase de xeito semellante a como se facía nas probas ABAU anteriores. A carga competencial neles sempre foi notable e por tanto a maneira de abordalos no exame será semellante a como se facía, como se pode apreciar no novo modelo de exame (https://ciug.gal/PDF/modelos_exame_25/35_xeografia_modelo_gal.pdf).

En todo caso, as repostas aos novos prácticos propostos seguirán o modelo de resolución de exercicios que se consigna nos enlaces (presentes no documento de directrices, no apartado 2.2. Esquema/resumo cos posibles prácticos e o vocabulario asociado a cada contido - páxinas 5 a 11 do mesmo).

Por outra banda, creamos un espazo en Instagram que pretende funcionar como repositorio de exemplos de exercicios prácticos (@xeografía.pau) que poida servir como comunidade de docentes de Xeografía para abordar estes temas. Non se subirán exercicios resoltos, pero si exemplos significativos dos prácticos que se propoñen nas directrices.

Recíbide un cordial saúdo

Grupo de Traballo de Xeografía PAU da CIUG